

COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 6 DE XULLO DE 2018

Acórdase por asentimento¹:

- 1º. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 6 de xuño de 2018.
- 2º. Respecto ao Informe de docencia do curso académico 2017-2018:
 - a) Validar o Informe coa incorporación das alegacións presentadas polo profesorado das áreas implicadas.
 - b) Remitir á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado e aos Departamentos implicados as incidencias derivadas de carencias na dotación de profesorado estable na Facultade.
- 3º. Validar o Informe de análise das taxas de éxito, rendemento e avaliación do Grao en Dereito e do Programa Conxunto ADE-Dereito.
- 4º. Validar a memoria do Curso de Actualización Xurídica 2017-2018.
- 5º. Aprobar a organización dunha nova edición do Curso de Actualización Xurídica para o curso académico 2018-2019.
- 6º. Validar a actualización formal do Anexo 4. Política e obxectivos de calidade do centro do Manual de Calidade, en relación aos novos procedementos de calidade.
- 7º. Validar a actualización do Anexo 5. Relación de titulacións oficiais do centro do Manual de Calidade.
- 8º. Validar o Informe de Seguimento da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Dereito.
- 9º. En relación coas guías docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2018-2019:
 - a) Que a Coordinadora do Grao en Dereito contacte co profesorado coordinador da materia “Dereito da Unión Europea” para valorar a posibilidade de modificar o sistema de avaliación.
 - b) Validar as guías docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2018-2019 coa excepción da guía docente da materia “Dereito da Unión Europea” e delegar na coordinadora do Grao a súa validación.
 - c) Remitir un escrito ao Director da Área de Calidade en relación coas queixas sobre diversas incidencias no proceso de elaboración das guías docentes.
- 10º. Validar as guías docentes do Mestrado universitario en avogacía para o curso académico 2018/2019.

11º. Elaborar un escrito no que se recollan as alegacións presentadas polo persoal de administración e servizos do centro relativas ás necesidades de persoal e remitilo á Xerencia da Universidade de Vigo, coa posibilidade de incorporar as alegacións que, no seu caso, se remitan dende a Área económica e dende a Área de Posgrao.

12º. Aprobar a celebración da primeira parte de Orienta Iuris e valorar a posibilidade de realizala nunha semana do curso, preferentemente no mes de setembro, acumulando de xeito excepcional os grupos medianos e controlar a asistencia ao tratarse dunha actividade docente, así como delegar nas coordinadoras de Orienta Iuris, nese suposto, a posibilidade da celebración da Feira nun día ordinario de clases.

Ourense, 9 de xullo de 2018



Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 6 de xullo de 2018, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 9 de xullo de 2018.



Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.